

ANEXO VI

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP RAMÓN DE LA SAGRA

(Aprobado polo Consello Escolar o 30/06/2011 e modificado o 29/06/2012)

Coa adaptación ao Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27/01/2015).

Estarase ao disposto nos seguintes Protocolos establecidos pola Consellería de Educación:

- Plan de Actuacións para a Igualdade nos centros educativos.
- Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de protección de datos.
- Protocolo de consenso sobre o TDAH.

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN.

2. COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

3. PLAN DE CONVIVENCIA E NORMAS DE CONVIVENCIA.

3.1. MARCO CONCEPTUAL

- A. Dereitos e deberes.
- B. Conceptos varios (convivencia, conflito, agresividade, acoso...)

3.2. ANÁLISE DO CONTEXTO.

- A. Alumnado
- B. Recursos
- C. Actuacións referentes a convivencia.
- D. Situación actual
 - **Enquisas**
 - Puntos de vista da comunidade educativa.

3.3. DETECCION DE NECESIDADES.

- A. Puntos fortes respecto á convivencia.
- B. Puntos febles respecto á convivencia.

3.4. PLAN DE ACTUACIÓN.

- A. Obxectivos.
- B. Actividades.
- C. Actitudes que favorecen a convivencia.
- D. Necesidades de formación e recursos.

3.5. PROPOSTAS DE ACTUACIÓN.

- A. Proposta xeral para todo o centro.
- B. Proposta para Educación Infantil.
- C. Proposta para Educación Primaria.
- D. Procedemento de actuación en caso de **acoso escolar**.
- E. Procedemento de actuación para garantir a igualdade, a non discriminación e a **liberdade de identidade de xénero**.

3.6. DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

3.7. PROPOSTAS DE ACTIVIDADES A REALIZAR.

4. ANEXOS.

1. INTRODUCCIÓN E XUSTIFICACIÓN

“Se non podemos poñer fin ás nosas diferenzas ,contribuamos a que o mundo sexa un lugar apto para elas” (anónimo)

A mellora da convivencia é prioritaria para toda a sociedade, e en especial para o eido educativo. Recordemos que a educación se concibe como un instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva.

Hoxe en día, o reto preséntase dentro da cultura da paz e da educación nos valores que permitan facer dos centros escolares lugares onde a convivencia e a xestión pacífica dos posibles conflitos estea plenamente integrada, non só no traballo diario do profesorado e do alumnado, senón, e sobre todo, nos patróns básicos de comportamento da cidadanía do futuro.

A Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de educación recolle no seu artigo 1 entre outros principios os seguintes:

”La educación para la prevención de conflictos para la resolución pacífica de los mismos, así como la no violencia en todos los ámbitos de la vida persoal, familiar y social”

“El desenvolvemento de la igualdade de derechos y oportunidades y el fomento de igualdade entre homes y mulleres”

No artigo 2 establece entre outros os seguintes fins:

“La educación en el ejercicio de la tolerancia y de la libertad dentro de los principios democráticos de convivencia , así como la prevención de conflictos y la resolución pacífica de los mismos”

“La formación para la paz , el respeto a los derechos humanos, la vida en común, la cohesión social, la cooperación y solidariedade entre poblos así como la adquisición de valores que propicien el respeto hacia los seres vivos y el medio ambiente, en particular al valor de los espacios forestales y el desenvolvemento sostenible”

Nesta liña, o Plan de Convivencia do centro debe propiciar cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias, é dicir, no contexto xeral do centro.

Actualmente, a *ley 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, parte do convencemento de que sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo, non é posible dar cumprimento ós fins da educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon a disposición do alumnado e, por tanto, das familias.

No informe da UNESCO “La educación encierra un tesoro” (informe Delors) indícase que a educación ao longo da vida baséase en catro pilares:

- **Aprender a coñecer**, combinando unha cultura xeral suficientemente ampla coa posibilidade de profundar nos coñecementos nun pequeno número de materias. O que supón ademais aprender a aprender para poder aproveitar as posibilidades que ofrece a educación ao longo da vida.
- **Aprender a facer**, coa finalidade de adquirir non só unha cualificación profesional senón, mais xeralmente, unha competencia que capacite ao individuo para facer fronte a un gran número de situacións e a traballar en equipo.
- **Aprender a vivir xuntos**, desenvolvendo a comprensión do outro e a percepción das formas de interdependencia, respectando os valores de pluralismo, comprensión mutua e paz.
- **Aprender a ser** para que florezca mellor a propia personalidade e poder estar en condicións de obrar con crecente capacidade de autonomía de xuízo e de responsabilidade persoal.

O obxectivo final é a mellora da convivencia en cada centro e en cada comunidade educativa como resultado da análise, da reflexión e do acordo.

2. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO

O Decreto 85/2007 do 12 de abril (DOG do 8 de maio), crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar como órgano colexiado de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no referente á convivencia escolar. O observatorio organízase a tres niveis: autonómico, provincial e de centro educativo.

O observatorio Galego da Convivencia Escolar terá como finalidade analizar e propoñer actuacións de investigación, prevención e intervención en relación coa mellora do clima escolar, así como ser canle de participación de de todos os sectores con responsabilidades no tema da convivencia.

Neste senso, a *ley 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, sinala a “*importancia deste órgano como cauce de participación directa, garantindo a implicación de todos os membros da comunidade educativa – nais e pais, profesorado, persoal non docente e alumnado–, así como de la propia Administración educativa, na dinámica dos centros docentes.*”

O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar substitúe o Observatorio de Convivencia do Centro pola **Comisión de Convivencia**.

2.1. COMPOSICIÓN

As Comisións de Convivencia Escolar dos centros educativos estarán integradas por representantes dos seguintes sectores, na mesma proporción en que se encontran representadas no Consello Escolar:

- a) O director/a, a quen lle corresponderá a presidencia.
- b) O alumnado, se é o caso.
- c) As familias.
- d) O profesorado
- e) O persoal de Administración e Servizos.

Actuará como Secretario/a unha das persoas compoñentes, que levantará acta.

2.2. FUNCIONES.

As recollidas no Decreto 8/2015.

2.3. NOMEAMENTO

O nomeamento das persoas integrantes do Observatorio da Convivencia Escolar nos centros educativos corresponde ao director ou directora por proposta dos colectivos representados.

2.4. FUNCIONAMENTO

Os membros do Pleno da Comisión de Convivencia Escolar no centro manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

3. PLAN DE CONVIVENCIA E NORMAS DE CONVIVENCIA.

3.1. MARCO CONCEPTUAL.

No marco do establecido pola lexislación vixente (*ley 4/2011, de 30 de xuño*), os membros da comunidade educativa son titulares dunha serie de **dereitos e deberes de convivencia e participación**;

- *Dereitos e deberes das nais e pais o dos titores:*
 - *A ser respetados e recibir trato axeitado polos membros da comunidade educativa.*
 - *A estar informados sobre o progreso de aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos.*
 - *A recibir información sobre as normas que reglamentan os centros docentes.*
 - *A ser oídos nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de conductas contrarias á convivencia dos seus fillos.*
 - *O recoñecemento, ao profesorado, das facultades precisas para previr e corregir as conductas contrarisa á convivencia.*
 - *Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das conductas contrarias as normas de convivencia dos seus fillos.*

- *Dereitos e deberes do alumnado.*
 - A recibir unha formación integral e coeducativa que contribua ó pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade respecto mutuo.
 - A que se respete a súa identidade, integridade e dignidade persoal.
 - Á protección integral contra toda agresión física ou moral, en particular contra as situacións de acoso escolar.
 - A participar na confección das normas de convivencia na resolución pacífica de conflitos e a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
 - Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
 - Conservar e facer un bo uso das instalacións e materiais do centro.
 - Seguir as directrices do profesorado respecto a súa educación e aprendizaxe.
 - Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.
- *Dereitos e deberes do profesorado.*
 - A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo axeitado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
 - A que se lle reconozcan as facultades precisas para manter un adxeitado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e servicios complementarios e extraescolares.
 - A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.
 - Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoal de todos os membros da comunidade educativa.
 - Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e nas situacións de acoso escolar.
 - Informar as nais e pais ou as titoras e titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas.
 - Informar ós responsables do centro docente e, no seu caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo

profesional sobre a información e circunstancias pessoais e familiares do alumnado.

- *Dereitos e deberes do personal de administración e de servicios.*
 - A ser respetado, recibir un trato axeitado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e a sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
 - Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respeten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoal de todos os membros da comunidade educativa.
 - Gardar sxiilo e confidencialidade respecto ás actuacións relacionadas co ámbito educativo das que tivera coñecemento.

Unha vez analizados os dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa, consideramos necesario definir e delimitar unha serie de conceptos, de tal xeito que se eviten confusións provocadas polo uso dun mesmo termo sen que realmente signifique o mesmo para todas/os. Así, distinguimos os seguintes termos; **convivencia, conflito, agresividade, violencia, acoso, vandalismo, indisciplina, comportamentos disruptivos, sexismo, xenofobia, marxinação...**

Entendemos a **convivencia** como a capacidade de interactuar unhas persoas con outras e os diferentes grupos entre si de maneira asertiva, respectando os dereitos de todos e mantendo relacións frutíferas e gratificantes.

Entendemos o **conflito** como algo natural e inevitable que en ocasións ocorre dentro dun grupo cando aparecen opinións, intereses, necesidades e valores diferentes, sen embargo, a miúdo, cando se fala de conflito enténdese como algo negativo e considérase que se debe apartar del. A clave non está en negar os conflitos, senón en dispoñer das ferramentas que axuden ao grupo, ao titor e ó Centro a resolvelos.

Durante os conflitos, a miúdo, actívase un certo nivel de **agresividade** entendida como unha tendencia a actuar con forza para facer fronte ás dificultades. Este estado ou tendencia que se manifesta con maior ou menor intensidade segundo o carácter dos individuos non se debe confundir coa **agresión ou violencia**.

A **violencia** é unha agresividade gratuíta e cruel que dana tanto ao agresor como á vítima. Pensamos que, en moitos casos, a violencia apréndese.

A forma mais sutil e dañina da violencia é o maltrato entre iguais ou **acoso** escolar (“**bullying**”). O acoso pode ser en forma de accións que supoñen dano de tipo verbal ou físico ou en forma de illamento e exclusión social deliberada. Para que se poida falar de acoso deberemos ter en conta:

- Que supoña dano físico ou psicolóxico para a vítima.
- Que persista na temporalización.
- Que o agresor se sinta forte física ou psicolóxicamente ca vítima
- que a vítima se sinta débil fronte ao agresor
- Que permanece oculta ante os adultos

Se a violencia é contra obxectos ou propiedades chámase **vandalismo**.

A **disciplina** fai referencia ao respecto polas normas democráticas de convivencia, elaboradas e asumidas como propias por todos os sectores implicados. A carencia de disciplina (**indisciplina**) é unha das principais causas dos problemas de convivencia entre profesorado e alumnado.

A indisciplina ou falta de respecto cara as normas de convivencia que da lugar a comportamentos inadecuados que impiden o normal desenvolvemento da actividade educativa na aula é o que coñecemos como conduta disruptiva.

Entendemos por **sexismo** unha tendencia discriminatoria que valora ás persoas en razón do sexo, sen atender a outras consideracións, como o seu traballo ou as súas aptitudes.

As veces, certas actitudes de non aceptación ou rexeitamento cara a alguén pode dar lugar a unha situación social de illamento e inferioridade que se coñece por **marxinación** e que pode dar lugar a serios problemas de tipo psicolóxico.

A **xenofobia**, como o **racismo**, é unha ideoloxía de rexeitamento e exclusión de toda identidade cultural allea á propia, pero diferéncianse en que a **xenofobia** non implica un sentimento de superioridade racial ou cultural, e aínda que proclama a segregación cultural acepta aos estranxeiros pero só mediante a súa asimilación sociocultural.

3.2. ANÁLISE DO CONTEXTO: O CENTRO E O SEU CONTORNO

O colexio Ramón de la Sagra está ubicado nun barrio da cidade de A Coruña denominado “Barrio de las Flores” que está ubicado na entrada da cidade, onde a

maioría dos edificios son de construción social con unha antigüidade de aproximadamente trinta anos. Contiguo ao barrio existen edificios de construción moito mais recente habitados por parellas novas que tamén mandan os nenos ao noso centro. No propio barrio hai un centro chamado “Hogar do pensionista” moi frecuentado por persoas da terceira idade. Na zona de nova construción está situada a Biblioteca “González Garcés”, un centro de recente construción con mercado, supermercados e outros comercios e o Centro Cívico de Monelos .

As familias que viven neste enclave pertencen a unha clase media e media-baixa. A maioría son traballadores por conta allea no sector de servizos

A. O ALUMNADO

No momento actual están matriculados no centro 421 de E. Infantil de E. Primaria. A maioría viven no “Barrio de las Flores”, pero hai un bo número de alumnado procedente doutras zonas aledañas como “Mato Grande”, Barrio de Monelos, Castrillón...Tamén acoden a este centro alumnos/as de orixe portugués que viven na Ponte Pasaxe (antiga conserveira Celta) en situación desfavorecida o mesmo que catro alumnos procedentes do Colexio Pedralonga e que viven tamén na Ponte pasaxe

Nos últimos cursos está aumentando o alumnado inmigrante, a maioría, procedente de países sudamericanos, pero tamén doutros países : China, .Etiopía, Ucraia...

Tamén observamos o crecente aumento de familias desestruturadas; actualmente, segundo os datos cos que contamos, o 15% do alumnado vive nun fogar desestruturado.

B. RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

O Colexio Ramón de la Sagra conta con un edificio de dos andares coa seguinte disposición:

Na planta baixa están ubicadas a conserxería, o salón de usos múltiples, comedor, aula de E. Musical e 9 aulas das que 8 están ocupadas polo alumnado de E. Infantil e 1 para xogos do alumnado desta etapa. Ademais están os servizos dos nenos de infantil.

No primeiro andar están ubicadas a secretaría, despacho de dirección, aula de P.T., aula de E. Compensatoria, despacho da XDO, servizo de profesorado, 6 aulas para alumnado de E. Primaria e os correspondentes servizos para os alumnos.

No segundo andar está a sala de profesores, aula de A.L., aula de apoio ao alumnado con hipoacusia, aula de informática e outras 6 aulas de E. Primaria, así como, os servizos para o alumnado deste andar.

Anexo ao edificio atópase un patio cuberto onde tamén está ubicado o ximnasio, as duchas e un pequeno almacén. O Centro conta con un patio bastante amplo onde están delimitadas a zona dos nenos/as de E.I., a de fútbol e unha pequena para baloncesto.

O Centro conta con un total de profesores: 10 de E. Infantil (9 con destino definitivo e 1 provisional) das que 8 desempeñan titorías e 2 son de apoio; 12 de E. Primaria (11 definitivas e 1 provisional); 9 especialistas: 2 de E. Física, 2 de Inglés, 1 de Música, 1 de Relixión, 2 de P.T.(1 provisional) e 1 de A.L. Ademais contamos con un profesor para apoio ao alumnado hipoacúsico escolarizado neste centro, 1 orientadora, 1 profesora para o alumnado de E. Compensatoria a tempo parcial compartida co IES Otero Pedrayo e 1 coidador para atender alumnado con nee.

Entre todo o profesorado só 4 son varóns.

A maioría do profesorado supera a idade de 50 anos

C. ANÁLISE DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS NO CENTRO NO REFERENTE Á CONVIVENCIA

No curso 2003/04 no Departamento de Orientación elaborouse un Plan que denominamos “Educación para convivencia” Unha das actividades propostas no citado plan consistía na elaboración de normas de convivencia en cada aula coa participación de todo o alumnado. Estas normas foron posteriormente organizadas e revisadas por unha comisión de profesores .

Outra das actividades consistía na celebración dunha asemblea semanal na que se tratarían todos os problemas xurdidos o longo da semana así como aqueles outros temas que os alumnos/as suxeriran e que deberían escribir e meter no buzón que para tal fin se instalou na clase.

Na actualidade o clima de convivencia non se considera que sexa malo, non se observan serios problemas senón conflitos como: poñer alcumes, insultos e algunha pelexa case sempre por temas relacionados co xogo, tamén obsvamos incumprimento de algunha norma da clase sendo as mais frecuentes molestar a algún compañeiro ininterrompido seu traballo, non atender ás explicacións e non realizar as actividades propostas.

As titoras resolven os conflitos con diálogo e pactando cos alumnos/as as normas que hai que respectar para conseguir unha boa marcha da clase.

Cando un alumno/a presenta con frecuencia problemas de conduta a titora é a primeira en informar á familia ou no momento, mediante chamada telefónica, ou mediante unha entrevista na hora de tutoría, procurando unha implicación e colaboración para intentar modificar a conduta anómala, xa que, os conflitos que xurdan pódense utilizar para educar o carácter do alumno.

O mesmo tempo aplícanse as medidas disciplinarias establecidas no R.R.I.

Como xa se indicou con anterioridade , a maior parte dos conflitos xorden no tempo de lecer por problemas no xogo polo que normalmente séguese o seguinte procedemento:

1. Fálase co alumno ou alumnos implicados intentando aclarar as cousas.
2. Inténtase que se desculpen mutuamente no caso de que non se trate de algo grave.
3. Procúrase que comprendan que non debe volver a producirse esa situación.
3. Facer as paces, pedirse perdón, no caso de que se trate dunha situación de pelexa ou insulto .
4. No caso de tratarse de algo de carácter mais grave onde hai un claro culpable e outro que é a vítima procédese así:
 - Amoestación solo.
 - Quedarse sen recreo
 - Chamar aos pais para explicarlles o sucedido
 - Nos casos mais graves e reiterativos aplícanse as sancións contempladas no RRI (Actualmente NOF) e as establecidas no Decreto 8/2015.

D. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA ATENDENDO AOS RESULTADOS DAS ENQUISAS.

• ATENDENDO AOS RESULTADOS DAS ENQUISAS AO PROFESORADO

Segundo os datos recollidos nas enquisas, o profesorado considera que:

- Non hai problemas importantes de convivencia .
- O colexio é tranquilo.
- O profesorado mantén criterios unificados na aplicación das normas de disciplina.
- En xeral o alumnado respecta as normas do Centro.
- Non se considera que aumentaran os conflitos nos últimos anos.
- O profesorado séntese ben no Centro e ten boas relacións cos compañeiros/as.
- O alumnado trata con respecto ao profesorado sempre (40,74%) e a maioría das veces (59,25%)
- Considérase que no momento actual non hai casos de acoso escolar.
- A maioría dos conflitos prodúcense no patio.
- A maioría opina que as medidas a adoptar co alumnado que altera a convivencia deberán ser de tipo educativo e disciplinario.
- As condutas máis comúns que alteran a convivencia son as agresións verbais

• ATENDENDO AOS RESULTADOS DAS ENQUISAS AO ALUMNADO

- En xeral séntese ben no colexio, teñen boas relacións cos compañeiros/as, o profesorado tratados con respecto e o colexio é tranquilo.
- **Un (43,67%) consideran que o alumnado respecta as normas do Centro algunhas veces**
- A maioría dos conflitos prodúcense no patio e son agresións verbais.
- As medidas a adoptar deberían ser de tipo educativo e disciplinario.
- **Un 10,34% considera que o profesorado mantén poucas veces criterios unificados na aplicación das normas de disciplina**
- **Un 10,34% considera que actualmente dase algún caso de acoso escolar.**

• ATENDENDO AOS RESULTADOS DAS ENQUISAS ÁS FAMILIAS

- Consideran que o Colexio é tranquilo.
 - Séntense ben cando acoden ao Centro.
 - Non perciben que aumentaran os os conflitos nos últimos anos.
 - Opinan que co alumnado que altera a convivencia deberíanse tomar medidas de tipo educativo e disciplinario.
 - **Sobre as medidas adoptadas polo Centro co alumnado que altera a convivencia un 42,25% non contestan, o que nos fai supoñer que as citadas medidas só son coñecidas polas familias do alumnado que presenta problemas.**
 - **A maioría das familias manifestan que non coñecen ningún caso de acoso escolar no Centro, pero, un 4,22% din que si.**
- **ATENDENDO AOS RESULTADOS DAS ENQUISAS AO PERSOAL NON DOCENTE**
 - Séntense ben no Colexio tanto o alumnado como o profesorado trataos ben.
 - Pensan que o Centro é tranquilo sen problemas importantes relacionados coa disciplina.
 - Consideran no caso de producirse algún conflito sempre se produce no patio, durante o recreo.
 - Non creen que aumentaran os conflitos nos últimos anos .
 - No caso de algún tipo de agresión, sempre se trata de agresións verbais.
 - Non coñecen ningún caso de acoso que se producira no Centro.
 - **RESUMO DOS PUNTOS DE VISTA DOS DISTINTOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA**

Atendendo ao punto de vista do profesorado podemos concluír que o clima do Centro é positivo e o sistema de relacións, tanto dentro dos diferentes sectores da Comunidade educativa (profesores, alumnos e pais), como entre eles (profesores-alumnos, profesores- pais e pais.-alumnos), adoita ser, en xeral, correcto é respectuoso

O tipo de conduta problemática mais frecuente son incumprimentos de deberes e conculcación de dereitos de carácter leve. Estes comportamentos corríxense, a maioría das veces, co diálogo e a aplicación das correccións que o RRI contempla para estes casos.

De forma illada aparecen casos de alumnos con comportamentos disruptivos na aula, que dificultan que a clase se desenvolva con normalidade interrompendo ao profesor, en xeral trátase de alumnos/as con TDAH ou con algún trastorno da aprendizaxe e considerable atraso escolar que lles dificulta o seguimento normal da marcha da clase.

As condutas mais reprobadas polo **profesorado** son as do alumnado que amosa falta de interese, carencia de esforzo persoal, que habitualmente non trae material necesario, que non prestan atención e/ou distraen aos compañeiros interrompendo a marcha normal da clase. Dan unha importancia especial ao comportamento que supón falta de respecto ao profesor, cando se acompaña dun enfrontamento público e pode implicar menoscabo da autoridade do profesor ante o resto dos compañeiros.

Tamén se concede unha importancia especial ás condutas que supoñan discriminación, racismo ou xenofobia.

A percepción que teñen as familias sobre o estado da convivencia no centro é case totalmente coincidente coa do resto dos compoñentes da comunidade educativa. As familias preocúpalles fundamentalmente a existencia de certos alumnos/as que interfiren no proceso de aprendizaxe dos seus fillos impedindo que as clases se desenvolvan nas mellores condicións.

Ó alumnado concede importancia principal a que se respecten as súas pertenzas e que ante os mesmos casos de incumprimento de normas non se proceda do mesmo xeito.

4. DETECCIÓN DE NECESIDADE NO EIDO DA CONVIVENCIA.

Rematamos a avaliación diagnóstica do estado da convivencia no noso Centro con unha identificación dos puntos febles e puntos fortes.

A. PUNTOS FORTES RESPECTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

- Valoración por parte de toda a comunidade educativa como un colexio tranquilo.
- Existencia dunha boa relación de traballo entre todos que da lugar a que todos se sintan ben no Centro.
- Relacións de respecto mutuo.
- As medidas a adoptar co alumnado que altera a convivencia deberán ser dos dos tipos propostos: educativas e disciplinarias. Non hai un aumento de conflitos con respecto a cursos anteriores.

- Non se coñecen casos de acoso escolar.
- A maioría das veces o alumnado respecta as normas do Centro.

B. PUNTOS FEBLES RESPECTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO

- Necesidade de dar a coñecer ás familias as medidas que se van a adoptar co alumnado que reiteradamente altera a convivencia no Centro.
- Sería positivo introducir propostas que mellorasen a distribución e uso compartido no patio.
- O respecto ás normas de convivencia no patio e nas filas e un aspecto que sería preciso mellorar.
- Outro aspecto a mellorar sería o desenvolvemento de actividades en prol da convivencia con carácter preventivo.
- Tendo en conta que un 10,34% do alumnado e un 4,22% das familias manifesta que coñecen algún caso de acoso escolar consideramos importante:

1. Clarificar que se entende por acoso escolar e transmitilo a toda a comunidade educativa.

2. Establecer e consensuar as medidas a adoptar para coñecer os posibles casos de acoso.

3.4 PLAN DE ACTUACIÓN

Consideramos que a convivencia é un obxectivo formativo en si mesmo e fundamental no proceso educativo e non só un conxunto de normas disciplinarias.

O conflito é inherente á vida en común e é normal no desenvolvemento das relacións en entre iguais, por iso se deben establecer canles para o aprendizaxe da convivencia de forma dialogada e pacífica.

Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo xa que a disciplina debe favorecer obxectivos educativos estimulando cambios cognitivos, emocionais e condutuais.

Atendendo a esta concepción este plan pretende:

A. OBXECTIVOS XERAIS

1. Concienciar a toda a comunidade educativa da necesidade de coñecer e respectar os dereitos e deberes do alumnado.
2. Divulgar entre todos os membros da comunidade educativa o R.R.I., especialmente os artigos referidos ás normas internas de convivencia, á disciplina, á descrición e cualificación das faltas e os procedementos de corrección das condutas que as incumpren.
3. Potenciar actividades que favorezan o orde, a disciplina e o respecto mutuo.
4. Potenciar o interese polo traballo cooperativo e solidario, fomentando mo traballo en equipo fronte ao excesivo individualismo .
5. Favorecer as situacións nas que o alumnado poida participar na organización, desenvolvemento e avaliación dos diferentes aspectos da vida no centro.
6. Manter, por parte do profesorado, unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática no tratamento do orde e da disciplina.
7. Propiciar a colaboración familia-escola a través dun intercambio construtivo de informacións que permita unir esforzos para lograr fins comúns e creación de canles de comunicación: control de absentismo, información sobre comportamentos que afectan negativamente á convivencia escolar etc.
8. Favorecer as relacións interpersoais, evitando actitudes discriminatorias e agresivas nos contextos de maior autonomía do alumnado (patio escolar, nas filas...)
9. Fomentar a participación, a autonomía, o respecto e crear un clima de confianza na aula.
10. Establecer liñas comúns de acción entre os titores de cada ciclo en relación coas normas da aula, actividades de tutoría, xeito de abordar os conflitos...
11. Intentar buscar formas que permitan afrontar a influencia do contexto social cercán ao alumnado.
12. Desenvolver en todos os membros da comunidade educativa habilidades sociais de comunicación e resolución de conflitos.
13. Traballar cas normas de convivencia e adaptalas aos distintos niveis de idades.

B. ACTIVIDADES PROPOSTAS PARA A CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS.

Con **carácter xeral** intentarase realizar cada curso escolar as seguintes actividades:

1. Debate e discusión das Normas de Convivencia en cada tutoría.

2. Elaboración en cada clase das normas que van a rexer a marcha da clase baseadas nas normas xerais de convivencia do Centro e publicación nun libro con ilustracións recollendo as de todas as titorías

3. Comunicación aos pais de cada titoría das citadas normas.

4. Charla, debate e difusión do Plan de Convivencia do Centro aos pais.

5. Difusión de “Los Estatutos Europeos para los centros educativo democráticos sen violencia”

6. Traballar na titoría, en especial no terceiro ciclo de Primaria, a forma de proceder para evitar que se poida poidan producir situacións de maltrato, acoso ie intimidación entre iguais

7. Traballar coas familias , mediante unha charla de formación, en onde se incida

nas estratexias familiares que son mais recomendables para favorecer a resolución de conflitos (especialista de conduta do EOE)

8. En cada titoría traballarase polo menos unha vez ao mes (na asemblea de aula) e sempre que se considere oportuno a marcha da convivencia e todo aquilo que potencie as boas relacións do grupo

9. Fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade e a resolución de conflitos de forma pacífica.

10. Elaboración dun parte para recoller as incidencias do alumnado que presente alteracións de comportamento cos seguintes apartados:

a) Información previa,

b) Pronóstico.

c) Toma de decisións

d) Avaliación da evolución del alumno/a

C. ACTITUDES QUE FAVORECEN A CONVIVENCIA

Considérase importante potenciar certas actitudes que van a favorecer a convivencia e que deberán estar escritas nun cartelen cada aula nun lugar visible. Sería comnvinte que polo menos unha vez a semana o alumnado lera e reflexionara sobre o

- Se educado e amable: Saúda da sempre: ¡Bos días!, ¡Bos tardes! ¡Adeus!, ¡Ola!,

¡Ata logo!, ¿Que tal estás?

- Pide as cousas aos teus compañeiros e na casa por favor e da as grazas: ¡grazas!, ¡Moitas grazas!, ¡Fuches moi amable! ¡Gracias por...

- Cede o paso aos teus compañeiros/as , aos adultos. Aprende a ceder a palabra aos demais para que nos entendamos todos.

- Amosa interese polos demais e polo que que din os outros. Todos/as teñen cousas boas que aportar. Dialogar é cousa de varios : escoita, dialoga con naturalidade, sen berrar e espera a que remate o que está a falar, mira de fronte a la que persoa coa que falas.

- Busca sempre facer amigos e amigas respectando as súas cualidades.

- Colabora cos teus amigos. Se tes problemas cos compañeiros debes resolvelos dialogando.

- Fai un esforzo por perdoar e esquecer os conflitos que xurden cos demais

- Aprende a pedir desculpas se fixeches algo que non estivo ben.

- Realiza o teu traballo con bo humor, alegría e optimismo. Hai moitos motivos polo que estar alegres, pensa neles.

- Acepta aos que te rodean como son e axúdalles a que sexan mellores.

- Fala con todos con bos modais e respecta as súas opinións.

D. NECESIDADES DE FORMACIÓN Y RECURSOS:

- A formación do profesorado é un dos aspectos claves que poden contribuír ao fomento da convivencia e á prevención de situacións na que esta poida verse afectada negativamente, por iso intentarase facer algunha actuación de formación dirixida ao fomento da convivencia, o desenvolvemento da competencia social e das

capacidades afectivas, a prevención e resolución de conflitos e a non violencia e o fomento da igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

- Difusión das páxinas de INTERNET referidas a este tema para o coñecemento de toda a comunidade escolar.
- Difusión da bibliografía existente referida á convivencia escolar.

3.5 PROPOSTAS DE ACTUACIÓN :

A. PROPOSTAS XERAIS DE ACTUACIÓN PARA TODO O CENTRO.

Os procedementos de actuación derívanse das normas de convivencia.

As correccións que se teñan que aplicar polo incumprimento das normas **deberán ter un carácter educativo e recuperador e deberán garantir o respecto aos dereitos do resto do alumnado** procurando a mellora das relacións dos membros da Comunidade Educativa.

Entre este tipo de correccións citamos:

- a) Amoestación privada e verbal do profesor /a, do titor/a ou do xefe de estudos e o compromiso de modificación da conduta.
- b) Amoestación por escrito do profesor /a, do titor/a ou do xefe de estudos e comunicación aos pais ou tutores do alumno/a.
- c) Quedarse sen recreo.
- d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do Centro, se se considera procedente, dirixidas a reparar o dano causado ao material ás instalacións ou as pertenzas que fosen danadas.
- e) Rectificación pública cando proceda.
- f) Cambio de grupo do alumno/a por un prazo máximo de unha semana.

g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un prazo máximo tres días. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen polo profesor/a correspondente. O alumno/a permanecerá controlado por un profesor/a de garda.

h) Suspensión do dereito de asistir ao Centro por un prazo máximo de tres días

lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción en el proceso formativo.

A efectos da gradación das correccións:

1. Pódense considerar circunstancias atenuantes:

- a) O recoñecemento espontáneo da conduta incorrecta.
- b) A falta de intencionalidade.

2. Pódense considerar circunstancias agravantes

- a) A premeditación e a reiteración.
- b) Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade.

Expediente disciplinario:

As condutas gravemente contrarias ás normas de convivencia do Centro serán corrixidas con medidas que imponha o Consello Escolar , previa apertura de de expediente e seguiranse as instrucións que fixe a lexislación vixente.

EDUCACIÓN INFANTIL

NORMAS DE CONVIVENCIA A TRABALLAR

NORMAS	ACTUACIÓN
1. Saudar ao entrar e saír da clase	<ul style="list-style-type: none">• Aos nenos reincidentes mandaráselles saír e saudar ao volver a entrar.• Vivenciar distintos tipos de saúdos.
2. Pedir as cousas “por favor” as “grazas”.	<ul style="list-style-type: none">• Repetir a fórmula a mestra as veces que sexan precisas para que os alumnos o fagan por imitación.
3. Respetar o turno de palabra	<ul style="list-style-type: none">• Reflexionar cos nenos sobre o que pode pasar se todos falamos ao mesmo tempo.• Se algún o fai para chamar a atención cambiarase de lugar durante algúns minutos.
2. Non pelexarse na fila	<ul style="list-style-type: none">• Recordar como se debe saír e entrar na fila.• Se algún neno o incumple, entrar ou saír ese día de último.
3. Compartir os materiais xoguete en cada actividade.	<ul style="list-style-type: none">• Guialos para que falen de cómo se sentirá un compañeiro que se quedou sen o xoguete que quería.
4. Coidar os materiais comúns	<ul style="list-style-type: none">• Vivenciar a situación nunha clase onde non se ordena nin cuida nada.
5. Recoller e ordenar os materiais xoguetes utilizados.	<ul style="list-style-type: none">• Esperar o turno e colaborar para que ao recoller se faga orden e sen pelexas.
6. Nos xogos espontáneos non excluír a ningún compañeiro	<ul style="list-style-type: none">• Sacar aos nenos os seus puntos de vista do problema de forma non acusatoria: Que ocorreu e por que se foi así?
7. Respetar o traballo do	<ul style="list-style-type: none">• Se algún estraga con intención o traballo en equipo,

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	
NORMAS DE CONVIVENCIA A TRABALLAR	
NORMAS	ACTUACIÓN
(REPASAR E AFIANZAR AS NORMAS APRENDIDAS NA ED. INFANTIL)	
1. Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da Comunidade Educativa. Evitar palabras, xestos e actitudes que poidan ofender a outras persoas.	<ul style="list-style-type: none"> • As actuacións respectarán a proporcionalidade de conducta do alumno/a para contribuír á mellora do seu proceso educativo. • Dialogar co alumno para que comprenda as consecuencias da súa actuación. • Estar en estreito contacto cos pais. • Mandarlles facer pequenas copias. • Baixar ao recreo sen participar no xogo. • Repoñer o material estragado por mal uso. • Non participar en actividades extraescolares do Centro, nalgunha saída. • Mandalo a algunha posición onde estea máis atento.
2. Asistir á clase con puntualidade e regularidade.	
3. Participar nas actividades da clase activamente, cada un na medida das súas posibilidades.	
4. Atender ás explicacións e orientacións do profesor.	
5. Respetar as normas da aula.	
6. Demostrar un bo comportamento no Colexio e nos lugares onde se realicen actividades complementarias (museos, teatros...)	
7. Respetar as instalacións do Centro.	
8. Todas aquelas outras que desde e a través da titoría se consideren oportunas tendo en conta as necesidades detectadas.	

2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

NORMAS DE CONVIVENCIA A TRABALLAR

NORMAS

ACTUACIÓN

(REPASAR E AFIANZAR AS NORMAS APRENDIDAS NOS CICLOS ANTERIORES)

1. Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da Comunidade Educativa.

Evitar palabras, xestos e actitudes que poidan ofender a outras persoas.

2. Asistir á clase con puntualidade e regularidade.

Saudar ao entrar e saír.

3. Atender ás explicacións e seguir as orientacións dos profesores.

4. Participar nas actividades da clase activamente

cada un na medida das súas posibilidades.

5. Ser responsable no estudo e facer as tarefas

propostas para a casa.

6. Respetar as normas da aula e do Colexio

Cumplir as sancións impostas, se fora preciso, adoptalas.

- Dialogar co alumno e axudarlle a reflexionar sobre o seu comportamento para que se dea conta das consecuencias da súa actitude.
- Se houbera reiteración, comunicarllo ás familias por escrito e concertar unha entrevista para tratar de solucionar a situación.
- Quedarse sen recreo.

<p>7. Resolver os conflitos con diálogo e non pelexar con compañeiros na clase, no recreo ou nas filas... evitando calquera tipo de agresión física.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Arranxar ou repoñer o material estropeado por mal uso.
<p>8. Demostrar un bo comportamento no Colexio e nos lugares onde se realicen as actividades complementarias (museos, teatros...)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Tomar outras medidas disciplinares dependendo da gravidade do comportamento.
<p>9. Respetar as instalacións do Centro e o material propio e o dos demais.</p>	
<p>10. Todas aquelas outras que desde a titulación se consideren oportunas tendo en conta as necesidades detectadas.</p>	

3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

NORMAS DE CONVIVENCIA A TRABALLAR

NORMAS

ACTUACIÓN

(REPASAR E AFIANZAR AS NORMAS APRENDIDAS NOS CICLOS ANTERIORES)

1. Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da Comunidade Educativa.

Evitar palabras, xestos e actitudes que poidan ofender a outras persoas.

2. Asistir á clase con puntualidade e regularidade.

Saudar ao entrar e saír.

3. Atender ás explicacións e seguir as orientacións dos profesores.

4. Participar nas actividades da clase activamente, cada un na medida das súas posibilidades.

5. Ser responsable no estudo e facer as tarefas propostas para a casa.

6. Respetar as normas da aula e do Colexio.

Cumprir as sancións impostas, se fora preciso adoptalas.

- Elaborar normas de convivencia conxuntamente.

- Realizar assembleas periódicas.

• Dialogar co alumno e axudarlle a reflexionar sobre o seu comportamento para que se dea conta das consecuencias da súa actitude.

- Contar por escrito (o alumno ou

<p>7. Resolver os conflitos con diálogo e non pelexar con compañeiros na clase, no recreo, nas filas... evitando calquera tipo de agresión física ou verbal.</p>	<p>alumnos implicados nun conflito) a situación conflitiva que se produciu e os seus compromisos para mellorar.</p> <p>Lelo na aula públicamente.</p>
<p>8. Demostrar un bo comportamento no Colexio e nos lugares onde se realicen as actividades complementarias (museos, teatros...)</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Se houbera reiteración,
<p>9. Respetar as instalacións do Centro, o material propio e o dos demais.</p>	<p>comunicarlllo ás familias por escrito e concertar unha entrevista para tratar de solucionar a situación.</p>
<p>10. Todas aquelas outras que desde a titoría se consideren oportunas tendo en conta as necesidades detectadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Arranxar ou repoñer o material estragado por mal uso. <p>- Tomar outras medidas disciplinares dependendo da gravidade do comportamento.</p>

B. PROPOSTAS PARA E. INFANTIL

NORMAS DE CONVIVENCIA A TRABALLAR EN E. INFANTIL

NORMAS	ACTUACIÓNS
1. Saudar ao entrar e saír da clase	<ul style="list-style-type: none"> • Aos nenos reincidentes mandaráselles saír e saúdar ao volver a entrar. • Vivenciar distintos tipos de saúdos.
2. Pedir as cousas “por favor” e dar “as grazas”	<ul style="list-style-type: none"> • Repetir a fórmula a mestra as veces que sexan precisas ata conseguir que o alumnado o fa<ga por imitación.
3. Respeitar o turno de palabra.	<ul style="list-style-type: none"> • Reflexionar cos nenos sobre o que pode pasar se todos falan ao mesmo tempo. • Se algún o fai por chamar a atención cambiarase de lugar durante algúns minutos.
4. Non pelexar na fila.	<ul style="list-style-type: none"> • Recordar como se debe saír e entrar na fila . • Se algún neno o incumple, entrar ou saír ese día de último.
5. Compartir os materiais e xoguetes en cada actividade.	<ul style="list-style-type: none"> • Guialos para que fale de como se ten que sentir o neno/a que se quedou sen o xoguite que quería.
6. Coidar os materiais comúns.	<ul style="list-style-type: none"> • Vivenciar a situación dunha clase onde non se ordena nin coida nada.
7. Recoller e ordenar os materiais e xoguetes utilizados.	<ul style="list-style-type: none"> • Esperar o turno e colaborar para que ao recoller se con orde e sen pelexas.
7. Recoller e ordenar os materiais e xoguetes utilizados.	Esperar o turno e colaborar para que ao recoller se con orde e sen pelexas.
2. Respeitar a quenda de palabra.	Pedirlle que pense o que pode pasar se todos falamos á vez. Se o fai por chamar a atención cambiaráselle de lugar algúns minutos.
3. Compartir os materiais e xoguetes en cada actividade.	Guialos para que fale de como se ten que sentir o neno/a que se quedou sen o xoguite que quería.
4. Coidar os materiais comúns.	Dialogar e vivenciar a situación (clase onde non se ordena nin coida nada) Non ser responsable un día.
5. Non pelexarse na fila.	Lembrar como se debe saír e entrar na fila. Se o fai por hábito que saia e entre ese día o último.
6. Nos xogos espontáneos non excluír a ningún compañeiro	Sacar do neno /a o seu propio punto de vista de forma non acusatoria. Que ocorreu, por que fixo iso?

7.Pedir as cousas “por favor” e dar “as grazas”	Repetir a mestra, as veces que sexa necesario. Por imitación os nenos /as empezaranas a pedir
8.Recoller e ordenar os materiais e xoguetes	Esperar a quenda e colaborar para que ao recoller os xogos fágase con orde e sen pelexas
9.Respectar o traballo do compañeiro /a en tarefas colectivas e individuais	Se estraga con intención o traballo en equipo, quedará sen participar na próxima actividade

C. PROPOSTAS PARA EDUCACIÓN PRIMARIA

PROPOSTAS PARA O PRIMEIRO CICLO DE E. PRIMARIA

Normas de convivencia a traballar no 1º ciclo de E. Primaria

1. Asistir a clase con puntualidade e regularidade.
2. Participar nas actividades de clase activamente, cada un na medida das súas posibilidades.
3. Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da comunidade educativa: profesores, compañeiros.
4. Utilizar correctamente todas as instalacións do centro.
5. Respectar o clima de traballo sobre todo en cambios de clase e desprazamentos.
6. Asistir a clase ben aseado.
7. Evitar palabras e xestos que poden ofender a outras persoas.
8. Aprender a compartir o material.

ACTUACIÓN

1. Dialogar co alumno/ a para que comprenda as consecuencias da súa actuación.
2. Estar en estreito contacto cos pais.
3. Mandarlle facer unha pequena copia.

4. Baixar ao recreo sen participar no xogo.
5. Repor o material estragado por mal uso.

PROPOSTAS PARA O 2º CICLO DE E. PRIMARIA

Normas de convivencia a traballar no 2º ciclo de E. Primaria

1. Chegar con puntualidade ao colexio e saudar ao entrar e saír.
2. Atender as explicacións e seguir as orientacións dos [profesor@s](#).
3. Tratar aos profesores e persoal docente do Centro con respecto.
4. Tratar aos compañeiros e compañeiras con respecto non insultando nin poñendo alcumes e evitando todo tipo de agresión verbal.
5. Resolver os conflitos con diálogo e non pelexarse cos compañeir@s na clase, recreo, filas...evitando calquera tipo de agresión física.
6. Utilizar na clase un ton de voz suave e respectar o turno de palabra.
7. Ser responsable o estudio e facer as tarefas propostas para a casa.
8. Coidar as cousas comúns, o colexio e o material propio e o dos demais.
9. Cumprir as sancións impostas.

ACTUACIÓN

1. No caso de incumprimento falar co alumn@ e axudarlle a reflexionar sobre o seu comportamento para que se de conta das consecuencias da súa actitude.
2. Se hai reiteración comunicarase as familias por escrito e concertarase unha entrevista para tratar de solucionar a situación.
3. Quedarse sen recreo.
4. Arranxar o material estragado polo mal uso.
5. Tomar outras medidas disciplinarias dependendo da gravidade do comportamento.

PROPOSTAS PARA O TERCEIRO CICLO DE E. PRIMARIA

Normas de convivencia a traballar no 3º ciclo de E. Primaria

1. Se educado e amable; saúda sempre: ¡bos días!, ¡Boas tardes!, ¡Ola!, ¡Ata logo!.....
2. Pide as cousas aos teus compañeir@s e na casa por favor e da as grazas: ¡moitas grazas!, Fuches moi amable, grazas por....
3. Cede o paso aos adultos me aos compañeir@s . Aprende a ceder a palabra aos demais para que nos entendamos tod@s..
4. Amosa interese polos outros e polo que din; todos teñen cousas boas que aportar. Dialogar é cousa de varios: escoita, dialoga con naturalidade, sen berros, espera a que remate o que está a falar, mira de fronte a persoa coa que falas.
5. Busca sempre facer amig@s respectando as súas calidades. Colabora cos teus amig@s. Cando temos problemas cos compañeir@s debemos resolvelos dialogando. Trata de ver o punto de vista do outro intentando poñerte no seu lugar e sobre todo ***recorda que podes pedir a axuda dos teus profesor@s cando consideres que é necesario.***
6. Fai un esforzo por perdoar e esquecer os conflitos que xurdiron na relación cos demais e aprende a pedir desculpas se fas algo que non está ben.
7. Realiza o teu traballo con bo humor, alegría e optimismo. Hai moitos motivos polo que estar alegres, contentos e felices.
8. Acepta aos que te rodean tal como son e axúdalles a que sexan mellores.
9. Fala con todos con bos modais e respecta as súas opinións.

D. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN ANTE SITUACIÓNS DE POSIBLE ACOSO ESCOLAR.

O capítulo III do título III da *lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa*, dispón a incorporación ós plans de convivencia dos centros docentes, de protocolos para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, que contemplarán a realización de campañas de sensibilización de todos os membros da comunidade educativa contra o acoso escolar, o establecemento de cauces específicos que faciliten a exteriorización de estas situacións polas vítimas e a determinación das medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñer fin á mesma. Entre esas medidas estará necesariamente a designación pola persona titular da dirección do centro o titular do centro concertado dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o personal do propio centro docente, para garantir o dereito da mesma á protección integral que a presente lei lle recoñece, sen perxuício da intervención dunha mediación máis profesional en caso de que a situación presentase unha gravidade especial.

Cando falamos de acoso escolar tamén chamado “bullying” estamos a referirnos a situacións nas que un ou mais [alumn@s](#) perseguen e intimidan mediante insultos, ameazas, alcumes, illamento social, agresións....de forma repetida.

Elementos presentes no acoso escolar:

- Intención de infrinxir dano, dirixido contra alguén indefenso
- A intención materialízase en accións nas que a vítima resulta danada (a intensidade e a gravidade do dano depende da vulnerabilidade das persoas)
- O maltrato dirixise contra alguén menos forte (por existir desigualdade física ou psicolóxica ou porque os agresores actúan en grupo)
- Ten lugar de modo reiterado.

Formas de acoso escolar:

- Maltrato verbal: insultos, alcumes, difundir calumnias...
- Intimidacións psicolóxicas: burlas públicas, ameazas para provocar medo...
- Maltrato físico: todo tipo de agresións físicas (patadas, “collejas”, malleira..)
- Roubo e destrozo de material escolar ou obxectos persoais.
- Illamento social: non falarlle, rexeitamento a sentarse o seu lado, impedirlle participar co resto do grupo, coaccionar a outros para que o rexeiten...

- Calquera forma de acoso orixinada por cuestións de identidade de xénero.
- Utilización das redes sociais para calquera forma de acoso recollida nos puntos anteriores

ACTUACIÓNS

1. Calquera membro da Comunidade Educativa que teña sospeitas ou indicios de intimidación ou acoso dentro do ámbito escolar, ten a obriga de poñelo en coñecemento dunha persoa adulta responsable (equipo directivo do Centro, profesorado, orientador...)

2. A partir desta detección realizarase unha recollida de información para constatar que realmente se está ante un caso de acoso escolar. Nesta deberá participar o orientador/a así como o titor/a e todo e o equipo directivo.

3. Citar e recibir ao alumno acosado e a súa familia en entrevista individual, para coñecer o alcance do problema

4. Citar e recibir ao alumno ou alumnos acosadores, así como ao resto dos implicados e as súas familias en entrevista individual, para coñecer o alcance do problema.

5. A dirección do Centro coa colaboración do titor/a e orientador/a redactará un informe no que se recollan os datos mais significativos do caso: implicados, sucesos ocorridos, tipo de acoso, frecuencia...

6. Establecer un protocolo conxunto de actuacións tales como:

- Vixilancia específica das vítimas e dos agresores.
- Solicitar a colaboración para a vixilancia e control dos seus fillos/as.
- Pautas de autoprotección da vítima.
- Recondución da conduta do acosador/es.
- Actuacións co grupo-clase e/ou cos compañeiros mais directos dos afectados.
- Aplicación de medidas correctoras ao agresor/res entre as que podemos citar:
 - Petición de desculpas de forma oral e/ou por escrito.
 - Realización de traballos específicos relacionados co dano causado.
 - Realización de tarefas relacionadas coa mellora da convivencia.
 - Amoestación do titor e xefe de estudos.

- Comparecencia ante a xefatura de estudos de forma periódica.
- Outras medidas propostas no RRI

Unha vez resolto o conflito deberán facerse seguimentos para evitar que se volvan a producir este tipo de situacións.

En todo caso, o Centro aplicará as medidas previstas no **“Protocolo Xeral de Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso”**, publicado pola Consellería de Educación.

E. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN PARA GARANTIR A IGUALDADE, A NON DISCRIMINACIÓN E A LIBERDADE DE IDENTIDADE DE XÉNERO.

O Centro aplicará as medidas previstas no **Protocolo de Identidade de Xénero**, publicado pola Consellería de Educación.

3.6 DIFUSIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PLAN

Levaranse a cabo as seguintes actuacións de seguimento e avaliación:

- 1.** Presentación do Plan a todos os sectores da Comunidade Educativa utilizando diversos canles: charlas-coloquio dirixidas aos pais, boletíns informativos, copiado o Plan en soporte informático para poder instalalo nos ordenadores coa finalidade de traballalo co alumnado e para colgalo na páxina web do Centro se se así se considera
- 2.** Seguimento e revisión ao largo do curso a través do Observatorio da Convivencia que elaborará un informe que deberá recoller as incidencias producidas, as actuacións que se levaron a cabo, os resultados acadados, a valoración xeral e as propostas para o seguinte trimestre no caso de que se considere necesarias.
- 3)** Elaboración dun informe anual sobre o análise da convivencia e conflitividade no seu ámbito, así como sobre as iniciativas a nivel centro. Este informe será trasladado ao Observatorio da Convivencia Escolar a nivel provincial.

3.7. PROPOSTA DE ACTIVIDADES A REALIZAR

1ª Actividade: Presentación Do Plan de Convivencia ao comezo do curso aos pais, alumnos e a profesorado.

Responsables: Equipo directivo, tutores e Departamento de Orientación.

Recursos: Material impreso co mais significativo do Plan de Convivencia e as Normas de Convivencia. C.D. Co Plan e normas destinados a súa instalación nos ordenadores existentes, de maneira que se poida visualizar e traballar.

Metodoloxía: Sería convínte convocar aos pais a unha charla-coloquio sobre o tema. Colgar o Plan na páxina web do Centro. Convocar Claustro extraordinario.

Espazos físicos: Salón de actos. Aulas de titoría. Sala de Profesores.

Temporalización: Primeiro trimestre.

2ª Actividade: Debate e revisión do Plan de Convivencia.

Responsables: Observatorio da Convivencia.

Recursos: O Plan de Convivencia presentado.

Metodoloxía: O observatorio analizará o Plan de Convivencia e presentará unha proposta de modificación no caso de ser necesaria) aos sectores da Comunidade Educativa: Claustro (a través dos coordinadores de ciclos), pais (a través da xunta da AMPA) e alumnado do 3º ciclo (a través dos seus tutores)

Os citados órganos analizarán a proposta e e incorporarán as modificacións que estimen oportunas ou presentan unha proposta nova.

O observatorio analizará as aportacións recibidas e elaborará unha proposta definitiva que presentará a aprobación.

Espazos físicos: os mesmos da actividade 1

Temporalización: Durante todo el curso.

3ª Actividade: Desenvolvemento dun Programa de Intelixencia Emocional e/ou de Habilidades e/ou de Autoestima (segundo o curso e segundo as necesidades detectadas)

Responsables: Departamento de orientación e titores

Recursos: En cada caso o programa especificará os obxectivos, os bloques de contidos e a temporalización das sesións.

Metodoloxía: A Orientadora e os titores correspondentes toman decisións sobre que programa aplicar a cada curso e cando. Os titores aplicarán o programa na hora reservada para a asemblea

Espazos físicos: despacho do Departamento de Orientación e aulas de titorías.

Temporalización: a decidir polos correspondentes titores (1º, 2º ou 3º trimestre)

4ª Actividade: Establecemento dun clima na clase adecuado dende as primeiras semanas para mantelo durante todo o curso.

Responsables: Tódolos profesores en xeral me os profesores do grupo en particular.

Recursos: Normas de convivencia del R.R.I.

Metodoloxía: Establécense de forma inequívoca, nas primeiras semanas do curso , os límites que separan as condutas aceptables das que non o son mediante un proceso onde o profesorado procura recordar as normas e aplícaas de forma inmediata , evitando que o alumnado mais problemático ensaien condutas que non son aceptables.

Na primeira sesión do Claustro, indícarase a tódolos membros que poñan especial interese en debater e recordar as normas de convivencia e en corrixir as condutas que pola súa frecuencia ou impacto sobre a clase, afecten ao desenvolvemento do traballo escolar.

Espazos físicos: Todo o Centro, especialmente nas aulas.

Temporalización: Primeiro mes do curso.

5ª Actividade: Actuación coherente de todo profesorado en materia de convivencia para evitar ambigüidades e contradicións que poidan confundir ao alumnado e propiciar diferentes comportamentos segundo o profesor presente.

Responsables: Todo o profesorado.

Recursos: Decisión tomada polo Claustro para levar a cabo unha actuación coherente de todo o profesorado.

6ª Actividade: Ser consecuentes coa responsabilidade contraída co Plan de Convivencia e as Normas de convivencia do RRI.

Metodoloxía: Nas primeiras sesións do Claustro de Profesores debaterase sobre a conveniencia de unificar criterios de actuación para reforzar as condutas do alumnado que protagonicen comportamentos contrarios ás normas de convivencia. O profesorado actuará axustándose ás medidas contempladas no RRI.

Espazos: Todo o Centro, especialmente nas aulas.

Temporalización: Todo o curso.

7ª Actividade: Asembleas de clase para analizar a marcha da convivencia en cada grupo e propoñer actuacións de mellora e comunicación nas xuntas de avaliación.

Responsables: Titores, Departamento de Orientación e Xefatura de Estudos.

Recursos: Cuestionario sobre a convivencia e posterior debate.

Metodoloxía: o Departamento de Orientación e a Xefatura de Estudos elaboran un cuestionario sobre a convivencia na clase. O titor aplica o cuestionario aos seus alumnos con obxecto de que cada un reflexione sobre os ítems incluídos no mesmo. De seguido realízase un debate sobre os temas que afecten á clase, sácanse as conclusións e acórdanse as medidas de mellora. O titor leva as conclusións e propostas de mellora á Xunta de Avaliación para que o profesorado do grupo as coñeza e poida contribuír á mellora do clima da clase.

Espazos físicos: aula de titoría e lugar onde se reúna a Xunta de Avaliación.

Temporalización: Unha vez ao final de cada trimestre na Xunta de Avaliación trimestral

8ª actividade: Celebración do “Día Escolar da Paz e a Non Violencia”.

Responsables: Equipo Directivo, Departamento de Orientación, titores e todos os profesores que o desexen.

Recursos: Normas de convivencia. Documentos escritos e audiovisuais que falen da paz e da non violencia.

Metodoloxía: O Equipo Directivo e con suficiente antelación recordan que o día 30 de xaneiro celébrase o “Día escolar da non violencia e da paz”, e animan a todo o profesorado para que na clase dese día recorden a data aos seus alumnos e realicen algunha actividade relacionada con esta efeméride: lecturas, visionado de películas e/ou documentais, debates, composicións escritas, plásticas, musicais... e calquera outra actividade que se considere adecuada ao día e o nivel do alumnado e que poderán ser propostas polos equipos de ciclo ou polos titores.

Espazos físicos: Aulas de titoría para a realización das actividades propostas, patio para a realización de actividades colectivas. Os traballos realizados poderanse expoñer nas paredes dos andares e tamén se pode elaborar un álbum ou libro con unha selección dos traballos realizados polo alumnado.

Temporalización: 2ª quincena do mes de xaneiro e o 30 de xaneiro.

9. DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira: Ao inicio de cada curso escolar, o Centro poderá acentuar as disposicións que, incluídas dentro do Plan, precisen dun desenvolvemento mais puntual ou dunha maior concreción, respectando sempre os principios que o presiden.

Segunda.: Co obxecto de darlla publicidade e el obxecto de darlle la publicidade necesaria, os titores dedicarán parte da súa labor á divulgación deste Plan entre o alumnado para, fomentar o seu coñecemento e cumprimento.

Terceira: O presente Plan de Convivencia poderá ser revisado cada curso escolar por si fora necesario a súa adaptación a novas situacións escolares ou modificado de acordo coas experiencias acumuladas. Calquera iniciativa neste sentido deberá plantexarse no Claustro, Consello Escolar e Observatorio da Convivencia. De non producirse ningunha alteración no seu contido, entenderase prorrogado me en plena vixencia.

4. DOCUMENTOS ANEXOS

- Resumo dos datos recollidos das enquisas do **alumnado** sobre o estado de convivencia no centro.
- Resumo dos datos recollidos das enquisas do **profesorado** sobre o estado de convivencia no centro.
- Resumo dos datos recollidos das enquisas das **familias** sobre o estado de convivencia no centro.
- Resumo dos datos recollidos das enquisas do **persoal non docente** sobre o estado de convivencia no centro.
- Medidas propostas polo **alumnado** para a **mellora da convivencia** no centro.
- Medidas propostas polo **profesorado** para a **mellora da convivencia** no centro.
- Medidas propostas polas **familias** para a **mellora da convivencia** no centro.

Estarase ao disposto nos seguintes Protocolos establecidos pola Consellería de Educación:

- Plan de Actuacións para a Igualdade nos centros educativos.
- Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo de identidade de xénero.
- Protocolo de protección de datos.
- Protocolo de consenso sobre o TDAH.

***En todo caso, ante problemas de convivencia no Centro estarase ao disposto na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG 15/07/2011) e do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve (DOG 27/01/2015).**